

# Que podes facer...

## Xadrez


**Xaque na rúa e Baúl Viaxeiro:** Todo o mes de setembro de luns a venres levaranse a cabo as actividades de xadrez na praza Maior e, ao mesmo tempo, instalárase o baúl viaxeiro para as persoas que queiran ler un libro. A actividade comezará ás 17 horas ata as 20 horas.



**Xogo de Xaquedrim:** Actividade que combina o Trivial e o xadrez. Trátase dun xogo desenvolvido por un grupo de rapaces da Escola de Xadrez que combina os coñecementos culturais co dominio do xogo.

**Torneo Cidade de Lugo:** Do 20 ao 22 de setembro organizarase a cuarta edición do Torneo Cidade de Lugo, dirixido a xogadoras e xogadores con experiencia nas competicións oficiais. É un torneo válido para ranking internacional.

**Xaque nas aulas:** Xaquedrum levará o xadrez aos colexios da cidade en horario lectivo. Espérase chegar a máis de 1.500 escolares.



**Escola de Xadrez:** Xa está aberto o prazo de inscrición na escola municipal de xadrez, que poderá realizarse ata o 30 de setembro. Na escola municipal pódese participar desde os catro anos. E hai grupos de pre-xadrez, de iniciación, de perfeccionamento e para adultos. Ademais, este ano, como novidade, haberá un grupo para as nais.

## Escola infantil de golf

No mes de outubro comezarán as clases na escola infantil de golf, situada no Club de Golf Lugo. A xunta directiva deseñou una serie de vantaxes económicas para os rapaces interesados en comezar a practicar este deporte. Para máis información: [golflugo@golflugo.com](mailto:golflugo@golflugo.com).



Consulta a actividade cultural en:



## Premio de Literatura Trapero Pardo

O Concello de Lugo, a través da Concellería de Educación, convocará un ano máis o premio de redacción Trapero Pardo, dirixido a escolares dos últimos anos da súa formación obrigatoria. A convocatoria está previsto que saia no mes de novembro.

## Escola de Fútbol Sala Lumieira

Un ano máis, a escola de Fútbol-Sala Lumieira abre o prazo de inscrición para a tempada 2013/14. Esta sociedade deportiva permite a práctica deportiva durante todo o ano. Ademais, este ano organizou unha serie de campamentos infantís urbanos para o verán que tiveron un grande éxito. Os interesados en sumarse a esta iniciativa poden facelo a través do correo [lumieiralugo@gmail.com](mailto:lumieiralugo@gmail.com).

## Regala cultura... invierte en formación

Juegos educativos, cuentos y libros para el desarrollo de la INTELIGENCIA CULTURAL



El faro  
de los tres mundos®

**Espacios Educativos.**  
 C/ Poeta Curros Enríquez, 3.  
 Tfno: 982 20 21 33  
[info@elfarodelostresmundos.com](mailto:info@elfarodelostresmundos.com)  
**AHORA TAMBIÉN EN: San Marcos, 9.**  
 Tfno: 982 87 15 80  
[infosanmarcos@elfarodelostresmundos.com](mailto:infosanmarcos@elfarodelostresmundos.com)  
[www.elfarodelostresmundos.com](http://www.elfarodelostresmundos.com)

Síguenos en

